

AS LIÑAS DA CONCIENCIA. CASTELAO ILUSTRADOR E DESEÑADOR

Xosé Díaz
Deseñador

Resumo: O labor de Castelao como grafista e sobre todo como ilustrador –e na ilustración inclúo o humor gráfico– foron, sen dúbida, as máis importantes facetas da súa poliédrica personalidade creativa, pois ambas as dúas disciplinas se impregnaron coa súa mellor dimensión humana: a conciencia política.

Abstract: Castelao works as a graphic artist and illustrator –and all as included in the graphic-illustration mood– was undoubtedly the most important aspects of his multifaceted creative personality, as both disciplines were impregnated with their best human dimension: consciousness policy.

Palabras chave: denuncia, compromiso, comunicación, eficacia.

Key words: complaint, commitment, communication, effectiveness.

Foi no trazo, na liña, no debuxo, onde o talento de Castelao artista acadou a máxima expresión e altura plástica. Como ilustrador, Castelao deixou unha obra cuantiosa e heteroxénea. Laboriosa tarefa enumerar as súas abondosas colaboracións gráficas en *El Barbero Municipal*, *El Ideal Gallego*, *El Sol*, *El Noroeste*, *La Zarpa*, *Galicia*, *A Nosa Terra*, *El Liberal*, *El Parlamento*, *Faro de Vigo*, *El pueblo Gallego...* ou nos xornais da emigración americana nos que colaborou arreo, como o caso de *La Voz de Galicia* bonaerense. As súas colaboracións gráficas en revistas foron tamén abondosas e percorreron as páxinas de *La Ilustración Española y Americana*, *La Esfera*, *Suevia*, *Vida Gallega*, *Galicia Moza*, *El cuento semanal*, *Mondariz*, *Mi tierra*, *El Gran Bufón*, *Nova Galiza*, *Galeuzca...*, por só citar as máis sobresaíntes. Lembremos así mesmo os libros e álbums propios que publicou en vida, dende os dous libros de *Cousas* ata *As cruces de pedra na Galiza* (que foi póstumo), pasando por *As cruces de pedra na Bretaña*, o álbum *Nós*, *Un ollo de vidro*, *Cincoenta homes por dez réas*, *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*. Recordar tamén que ilustrou, xa para a cuberta, xa para o interior, unha gran cantidade de

libros de autores alleos, en Galicia e fóra de Galicia; sendo as ilustracións que fixo en Bos Aires para a Editorial Atlántida, na segunda metade dos anos corenta, as últimas que realizou; trátase de 10 libros de varios autores para a colección Billiken: Oscar Wilde, don Juan Manuel, Joan Martorell, Plutarco, Leon Tolstoy, Hoffmann, etc. Sabemos que foron Rafael Dieste e a súa dona Carmen Muñoz, que traballaban ambos os dous nesa casa, quen lle suxeriron o nome de Castelao ao propietario e director da editorial, Alfredo Vercelli. E xa que estamos aquí, non está de máis recordar que na editorial Atlántida Dieste fundou a colección Oro, de divulgación, que publicou a numerosos exiliados, entre eles Francisco Ayala, María Zambrano, Serrano Plaja, Sánchez Barbudo, e aos galegos Lorenzo Varela, Otero Espasandín ou o propio Dieste.

Céltiga, Lar, Faro de Vigo, Nós, Real Academia Galega, Seminario de Estudos Galegos, Editorial Pueyo, Ministerio de Propaganda, As Burgas..., por citar as que me veñen á memoria, foron algunhas das editoriais e institucións que publicaron libros ilustrados por Castelao.

Carteis, capas de libros, diagramación de libros e revistas, símbolos corporativos, cabeceiras de medios de comunicación, *ex libris*... O Castelao deseñador transitou por todos os campos coñecidos na súa época. Non é este o sitio nin o momento para nos parar polo miúdo en todas as variantes desta disciplina, citarei só algúns exemplos do seu talento que a min me parecen máis relevantes. En cartelismo gosto dos deseños promocionais que fixo da revista *Céltiga* (1922), *Un ollo de vidro* (1922), o xornal *Galicia* (1922), o da *Exposición Castelao* de 1924 e os dous que fixo para o plebiscito do Estatuto en 1936, estes últimos cunha estética realista de grande efectividade. O máis salientable, en todos os aspectos, é o que serviu para promocionar o xornal *Galicia*, no que debuxou un rostro con catro ollos, como querendo transmitir a eficacia informativa do xornal (aquí hai sen dúbida unha influencia do cubismo, do que renegara o ano anterior en París, como veremos máis adiante). De feito, no seu *Diario* de 1921 debuxa un rostro con catro ollos despois de visitar unha exposición de arte ruso en París, o día 20 de xuño.

En canto ás numerosas cubertas que realizou, a máis interesante dende o aspecto gráfico é a que fixo para a revista *Nós*, do nº 10 en adiante, entre 1922 e 1927, cunha ilustración moi recargada na que vai cambiando algún elemento central: as veces é unha árbore, outras un dolmen. Trátase dun deseño inspirado nun dos mestres da gráfica modernista, o bostoniano Will Bradley (1868-1962), un referente do que Castelao xa botara man por esa época na cuberta do libro *Os catro cisnes brancos. Lenda celta*, da editorial Céltiga, onde a ilustración, e mesmo a caligrafía do título, practicamente está calcada dun debuxo do grafista americano.

En canto aos símbolos que fixo eu salientaría o que deseñou en 1923 para o Seminario de Estudos Galegos, onde a tipografía discorre sobre dous círculos

concéntricos que xiran arredor dun cáliz con cinco estrelas e unha pomba, e no que incorpora con acerto a lenda “Deus scientia fratresque Gallaetiae”.

E non remato estas liñas sobre o Castelao deseñador sen mencionar a tipografía que crea inspirándose nas capitulares dos códices medievais, de carácter elzeviriano, ao rematar as letras con *serifs* exipcios ou de trazo recto. Esta tipografía, que utiliza en infinidade de títulos de portadas, símbolos, ex libris, cabeceiras... puido converterse, de haber aquí en Galicia un mestre tipógrafo, na tipografía seria e profesional que, convenientemente implementada en maiúsculas, minúsculas, versaletas ou cursivas, tería posto a Galicia no mapa do deseño tipográfico. A fermosa cabeceira do xornal *Galicia* é un exemplo de onde puido ter chegado. Desgraciadamente esta tipografía acabou nun estado de lamentable degradación: se a utilizásemos para comunicar un evento serio e importante, automaticamente ficaría desacreditado.

Dito isto, feita esta breve relación de lugares onde atopamos a súa sinatura, direi que non gosto de enfocar as reflexión sobre Castelao nunha soa dirección, nunha soa disciplina, pois penso que as diversas facetas da súa obra plástica non se sosteñen independentemente. Por que? Pois por unha razón sinxela: Castelao debuxa e deseña con atraso sobre os achados e progresos estéticos que aparecen por Europa dende comezos do século XX, que someten a unha revisión profunda os códigos académicos imperantes e apostan por unha nova sociedade aberta, libre e igualitaria que ansían para o vello continente dende o mundo da arte, o deseño e a arquitectura. Noutras palabras: a estética de Castelao destila o atraso e o illamento propio dos artistas galegos da súa xeración.

Unha vez exposto o anterior, engado que a obra debuxística de Castelao é absolutamente actual e perdurable. Por que ten esa transcendencia, aínda sendo producida dende o illamento galego, se antes dixen que era unha obra que destilaba atraso? Pois porque a obra plástica de Castelao non se pode abordar dende un ángulo só, hai que abordala, como antes dixen, na súa totalidade. Explícome: toda a produción plástica de Castelao é, en palabras de Luís Seoane, “fundamentalmente unha confesión das súas opinións con respecto a Galicia, os homes de Galicia, o Estado Español e o mundo”. En puridade toda a súa produción, fundamentalmente a debuxística, ven sendo un intento de explicar o mundo que o rodea, comunicar as súas eivas, denunciar as súas inxustizas. Ven sendo, xa que logo, un apéndice da súa auténtica paixón: a política.

Pepe Núñez Búa, amigo e correlixionario de Castelao, ao que chamaba “Cañoto” dende que así o alcumara nun xantar en Vigo en 1930, contaba a hoxe célebre anécdota que é dabondo ilustrativa do sentimento político que guiou sempre a plástica de Castelao: nunha das exposicións dos debuxos que máis adiante formarían o álbum *Nós*, achegóuselle a Castelao unha señora burguesa que lle espetou en fino

castelán: “¿Por que retrata un país tan arrepiante, tan miserable, sendo Galicia un país tan fermoso?” e Castelao respondeulle: “Hai señora, e que eu non teño vocación de estupefaciente”. Resposta tan contundente e transparente reflicte á perfección o espírito da plástica de Castelao e explica o estilo realista do que sempre fixo gala, pois matínaba que os seus debuxos tiñan que ser eficaces na denuncia do atraso, a marxinación e a miseria endémica de Galicia, tiñan que comunicar o mellor posible co pobo, e chegar a un número maior de xente. Isto explica por que Castelao adopta e defende o realismo fronte a outra corrente estética.

Castelao identificou cunha claridade esmagante os problemas de Galicia, e converteu eses problemas, os males do pobo, nos temas fundamentais dos seus debuxos: o servilismo, o caciquismo, a miseria, a ignorancia, a emigración, o esquecemento das orixes, o atraso... A diferenza doutros artistas da súa época, como é o caso, por poñer un exemplo notorio, de Fernando Álvarez de Sotomayor, Castelao debuxa para **denunciar, memorizar e divulgar** os males, fronte a Sotomayor, onde na súa plástica eses males **esmorecen**. A súa obra está vixente e puido viaxar polo tempo e o espazo porque transmite honestamente os problemas da época que lle tocou vivir, poñendo as súas habilidades plásticas ao servizo dunha causa nobre. A arte como vehículo para **descubrir a verdade**, non para **encubrila**. Aquí radica o talento do rianxeiro, non importa que a súa estética estea fóra do tempo ou que non soubese valorar os achados dos renovadores da súa época, que el coñeceu de primeira man no percorrido que fixo polos museos e as salas de exposicións europeas en 1921; nin importa o malestar que lle causaron as vangardas, que deixou relatado no seu *Diario* de 1921, moitas delas case inimaxinables para nós, como veremos de contado. Non importa que o seu estilo non estivera en sincronía coa súa época, nin importa a repulsión que lle produce o cubismo, o dadaísmo ou o construtivismo; as súas obras están repletas de temas particulares, locais, pero deixan translucir o universal do espírito que as impregna. Se percorremos as follas do seu *Diario* de 1921, en que pensionado pola Junta de Ampliación de Estudios, percorre nos meses de xaneiro a agosto Francia, Bélxica e Alemaña, decatáronos da súa mentalidade reaccionaria en temas estéticos. Escribe sobre Picasso: “Con todo, eu penso que Picasso é un farsante... A min pareceume que Picasso é un home de gosto refinado se se quer, pero que non sabe dibuxar... Eu teño a Picasso nada máis que por un “amateur” do arte”. E sobre Paul Klee di: “O meu rapaz fai debuxos mellores. Eu non sei por que unha persoa maior ha pintar como pintan os nenos, pois os que xa non somos nenos non podemos faguer rapazadas”. Ao remate da súa estancia en París escribe: “Xa sei o que é o dadaísmo. O dadaísmo non é nada; o dadaísmo é faguer nada con nada i é peor que nada porque é parvo, e nun pobo onde haxa un pouco de hixiene espiritual os dadístas serán mallados a paus”. Castelao, ao remate do diario láíase así: “Eu teño que confesar que sairei de eiquí tal como vin

e sen depender nada”. Estas reflexións non fan máis que reafirmarnos no exposto: cunha estética diacrónica que rexeita as novas tendencias da plástica, unha obra pode ser transcendente se incorpora o compromiso cos problemas do seu lugar e o seu tempo co fin de facer xermolar nos espectadores o seu **senso moral elemental**.

Non nos detemos no moi coñecido e amplamente estudado ascendente do xenial debuxante e humorista noruegués Olaf Gulbransson na arte de Castelao, así como da revista muniquesa *Simplicissimus*, do que era un dos seus máis importantes colaboradores. Mais o que si queremos é destacar os paralelismos que Castelao ten noutros artistas da súa época. Vénme á memoria o caso da artista Käthe Kollwitz (1867-1945), figura destacada do realismo crítico alemán, que fixo unha obra gráfica comprometida e ancorada en presupostos naturalistas e realistas, a pesar de vivir e traballar no Berlín bulicioso axitado polos artistas que xiraban arredor do expresionismo –penso maiormente en George Grosz e a súa obra de fortísimo acento crítico coas desigualdades sociais e o fascismo ascendente, pero con estética vangardista. Kollwitz deixou unhas series gráficas –todas anteriores a 1921– que só polo seu título sabemos que están en consonancia coas de Castelao: “A rebelión dos tecedores”, “O levantamento”, “Guerra dos campesiños”, “A morte”. Os temas destas obras son a explotación do proletariado, a miseria, a fame, a dor, a morte. Castelao cita a Käthe Kollwitz no seu *Diario* de 1921, o día 20 de setembro, cando está en Múnic, e escribe: “Despois (de ver a exposición de artistas independentes) saín a ver escaparates onde están á venda cadros e gravados. Nunha casa que venden gravados vin cousas boas e moi interesantes coma procedimento de gravado. Eran litografías ó xeito de Steinlen¹ (cousas de dôr e de miseria) de Käthe Kollwitz”. Aquí remata a cita; Castelao non di nada máis dela, non obstante estou seguro de que as litografías de Kollwitz lle quedaron no inconsciente e, dalgunha maneira, inspiraron os seus álbums da guerra, *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*, pois hai debuxos cunha temática exacta, un mesmo espírito denunciador e unha estética moi próxima.

Ramón Otero Pedrayo, deixou escrito no Prólogo do seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega* unha reflexión que me vén como anel ao dedo para rematar esta intervención: “Non hai cousas vellas nen novas, hai só cousas vivas e mortas, e non as determina a idade senón o alento interior que as anima”. Verdadeiramente a obra gráfica de Castelao segue viva porque animou as súas liñas cun alento interior, case me atrevería a dicir que inmortal.

1 Théophile Steinlen (1859-1923) foi un debuxante, gravador e pintor suízo, célebre polos seus carteis publicitarios no París de 1900 e as súas abondosas colaboracións gráficas nas revista da época.